

LOITA

MOVIMENTO GALEGO DE LIBERDADE NACIONAL

O ESTATUTO NA LOITA POL-A LIBERDADE

Escrebimos esta nota cando os galegos espaxados pol-o mundo —tristeira condición a da nosa caste —, se aprestan a celebrar, co fervor patriótico de sempre, a data do Estatuto e do Plebiscito. Evidentemente, o 28 de xuño de 1936, marca no calendario do movemento pol a soberanía e a liberdade de Galiza, o aito colectivo máis trascendente do noso povo cara esa finalidade. Aquel rotundo e unánime "SI" depositado nas furnas, consagraba a súa vontade de ser a traveso da autonomía. Para precisar a súa verdadeira significación, vexamos, en apretada síntesis, os seus antecedentes históricos.

O romantismo, movemento espritoal de creación europea, que veu anovar xeitos de vida e do pensamento ao calar na fondura e na enxebreza do sentimento, conmoveu tamén as raíces do noso ser autóctono. Entón apareceron en Galiza, co seu romantismo serodio, as primeiras ideas e emocións nativas na voce perene de precursores e poetas. Nas obras dos poetas, nas caes se acende de novo o xenio lírico da nosa raza, garimosamente identificadas e solidarias coa terra e co home, comenzan os galegos a recoñecerse na súa verdadeira fisonomía dun xeito inusitado, ledamente, como en fronte de espellos máxicos. Dempoís de séculos de silencio, o espírito de Galiza volta a cantar, igual que nos lonxanos días dos cancioeiros, na súa creación máis outa, na cal lateza unha cultura; a língua.

Por outra banda, hai un feito de índole política que compre sinalar, pois dele ripan os primeiros movementos e loitas operados en Galiza a prol da súa personalidade política. En 1833 o Estado central despoxa o noso

país das derradeiras liberdades. De maneira arbitraria e caprichosa, acaba coa súa unidade administrativa, impondo a división provincial vixente. Esta medida cesarista, consumaba o segundo gran atropello histórico do poder opresor, á diñidade, ás tradicións e aos intereses de Galiza. Pro tivo a virtude de despertar o sentimento de unidade e de patria galega, sempre latente no noso povo a traveso do tempo. A noción de unidade galega, representada pol a Xunta superior do Reino de Galiza perante a guerra de invasión napoleónica, ficaba fresca no relembro. Esa medida incalificabel, provocou forte resistencia e axitación no povo, e foi gallo do movemento de 1840, da Asamblea arredista de Lugo en 1843, e do levantamento de 1846. Deste estado de indignación popular xurde, anos dimpois, hacia 1855, coas extraordinarias figuras románticas de Vicetto e Murguía, o rexionalismo, cuxo portavoz foi o periódico "El Clamor de Galicia" que os dous fundaron na Cruña. O movemento renacentista galego político e cultural, simultáneos e fusionados na mesma arela patriótica, ficaba iniciado.

A medida que avanza o século XIX, o noso movemento vai gañando lentamente en intensidade i enxerguementos. Non en vano pasan catrocentos anos de sometemento por enriba dun povo. En 1889 o economista e patriota Alfredo Brañas publica a súa obra "El Regionalismo" no cal da corpo doctrinario as arelas dos precursores. Tres anos dispois, con ele ao fronte, fúndase o primeiro organismo de loita política do noso país: o partido rexionalista, no que participan as grandes figuras intelectuales de Galiza.

Xa en 1916, recollendo as arelas de precursores e poetas, superando as ideas e a ai

ción políticas dos rexionalistas, aparecen na escea política de Galiza "As Irmandades dos Amigos da Fala". Este nome evoca as primeiras loitas sociais en Europa na Galiza creadora do século XII e de comenzos da Edade Media. As "Irmandades" foron integradas pol-os derradeiros rexionalistas e as novas xeneracións de fina sensibilidade política, entre as caes figuraban as persoalidades reitoras da nosa Terra que seguían a obra e o exemplo dos grandes precursores. Nas Irmandades" pousou o movemento galeguista perante a etapa que vai da primeira contenda europea a imprantación da República do 1931.

Hacia 1920 publícase a "Teoría do Nazionalismo Galego" de cuxo autor desexamos esquecernos, onde fica esposta a doutrina desa tendenza política. Puido trocarse en idealismo d'espritos aristocráticos, crentes nas virtudes escepcionaes da nosa raza, pois tiña por aspiración máisima á de crear en Galiza unha vida e unha cultura propias. ¿Era o intre propicio para aquele ambicioso nazionalismo? A "Teoría" cabou fondo na conciencia galega e deu orixe a formación da "Irmandade Nazionalista": con ela acadaba o ideal de Galiza a máis perfecta madureza política.

É mester recoñecer que esta evolución ascendente da conciencia nacional galega, non acadada aínda estado popular. Pro, de calquer xeito, ren tiña sido en vao. Proclamada a República na península, fai eclosión un xurdido galeguismo que xa abrangue amprios sectores populares. A defección da ORGA, créase das Irmandades, o verdadeiro Partido Galeguista. Están ao seu fronte as figuras máis puras e brillantes da nosa Terra, taes como Castelao e Bóveda, asesinado con milleiros de patriotas, pol-a cafrería reaccionaria hespañola en 1936. Cataluña gozaba da autonomía. Galiza tamén, d-acordo aos artigos 11°

e 12° da constitución republicán, poría conquistar a súa. Elaborado o Estatuto e aprobado pol-os Axuntamentos de todo o país, o Partido Galeguista inicia a gran campaña proselitista a prol do referéndum popular. Ao fin, o 28 de xuño de 1936, cúmprese o plebiscito. Galiza por vontade unánime é — sería — autónoma.

¿Era o Estatuto o ideal de Galiza? Constituíña evidentemente un paso decisivo, un antecedente valioso, a base para a reivindicación arelada, avalado pol-a vontade unánime — velaí a súa gran transcendencia — do povo, pro non podía sere o ideal de Galiza. O pensar e o sentir galeguista detentaba total madureza, a craridade prístina d-auga dos nosos regatos. Facendo abstracción do moito que se dixera denantes da República, Castelao, o home símbolo da nosa Terra, declaraba: "a única patria dos galegos é Galiza." E Bóveda, a mente política máis nidia do país, afirmaba nun hábil linguaxe: "Galiza ten mester da autonomía para resolver os seus problemas económico, social e cultural. Mais si no exercicio da mesma o Estado central pon linde a estas aspiracións, teremos de ir a separación". E doado observar ao traveso d-estas espresións, que Galiza era unha soberanía absoluta, o fin supremo na mente e no corazón dos galeguistas. Bóveda prevía que a autonomía resultaba insuficiente para resolver os problemas que agobian a Galiza. En verdade, por moi amplias que sexan as atribucións que se nos concedan, a liberdade de acción delas derivadas, dependen sempre da xerarquía superior da cal proceden. ¿Cómo acadar a radical reestruturación necesaria do agro galego? ¿Cómo a creación dunha economía industrial, coa soma omnipotente do poder central as costas? ¿Qué bilinguismo é capaz de resolver o problema cultural dun povo? Da decraración de Bóveda despréndese que a emancipación é a condición precisa para que Galiza poida resolver os seus problemas. Ademais, acaba co tópico dos irresolutos: a imposibilidade de que o noso país sexa sin a tutela madrastra do Estado hespañol. Si Galiza é a patria dos galegos, non debemos aceptar outra soberanía se non é a que dimana dela. A liberdade auténtica de Galiza terémola que conquistar nós mesmos. Velaí a convocatoria ao noso povo.

AGRADECEMOS TODA INFORMACION
OU COMENTO ENCOL DESTA BOLETIN

Dirixa a súa correspondencia a:

José Rodríguez
J. E. Uriburu N° 1241
Buenos Aires

DIA DE GALIZA

Todol-os galegos, tanto os que na Terra sofren a crudel opreixón falanxista como os que na emigración abalan soños de recuperación para a Patria, celebran cada ano con anovadas espranzas e máis afervorado sentimento o día de Galiza. As principais cidades do continente american, nas que milleiros de galegos viñeron a buscar novos horizontes para as súas penurias económicas e para os seus azos de liberdade, acadaron no 25 de Xulio, resoancias de enxebres voces e de irredentas arelas, que trascenden a lendaria Compostela i-a todol-os recunchos da Terra. Os galegos celebran o Día da súa Patria con unha permanente e anovada mostra da súa fé nas posibilidades da nosa Terra e nos seus destínos históricos e humanos.

Ningunha outra data de proeicións máis outas e de simbolismo máis axeitado que o 25 de Xulio para tan asinalado celebración. Ao marxe do feito histórico, a lenda xacobeana para Galiza un trascendente significado e unha fonda valoración. O descubrimento do Libradón —Sant-Iago ou Presciliano(?)— descuberta no mundo civilizado unha corrente a cotío anovada de pelengríns que percorren os camiños de Galiza, e do contaito coas civilizacións occidentaes de máis sona naquel entón, xermola na nosa Terra unha cultura de valores ecuménicos que entrega ao mundo — en human correspondencia— o valioso aporte do espírito galego. Galiza acada entón unha vibración de intensidade non igualada até agora e mostra ao mundo a capacidade creadora do seu espírito, en espresións que aínda hoxe constitúen mostras de perfeición e beleza non superadas.

Nas correntes de pelengríns, nese contaito con Europa, Galiza topouse a sí mesma e soupo camiñar con paso firme pol-os vieiros da cultura, que é o camiño do progreso e da perfeición human. Por eso os galegos celebramos n-esa data o Día Grande da Patria, o día que nos amosta o camiño a seguir neste movemento de recuperación nacional que gaña pulos e valores insospeitados. Como entón miramos a Europa, como parte integrante da súa cultura, para inspirarnos na súa realidade vivente e acadar prestamente a liberdade que esibe o noso espírito creador das cadeas

que o aferrollan, e para sumar entón o aporte do noso esforzo a esa cultura europea común.

Velahí por qué ningún día ten para os galegos unha significación máis fonda. Non é a sempre lembranza dun feito histórico; e unha espranza anovada, a valoración da capacidade creadora do noso espírito nacional i-a arela do reencontro coa nosa personalidade histórica, para percorrer xunto cos demáis povos os vieiros da cultura universal.

Velahí porque todol-os galegos, na emigración e na Terra, vibran de ledicia e de areias no Día de Galiza, Día da Patria no camiño da súa redención.

Un pedido que cairá no valeiro

Ken de vaor do acontecer peninsuar tras-cende oxe ao mundo. En vao procuraredes nas follas da prensa mundial unha noticia de releve da súa aitividade artística, científica ou técnica. Aqueles que se aventuran a procurala directamente, sóio atopan chatura e ramplonería. A vida espritoal de Hespaña por moitas razóns sempre limitada ficou reducida a cero baixo o réxime franquista.

En troques, de vez en cando, podedes lér as ridículas espresión "moraes" d-algún bispo máis católico que o mesmo Papa, que move a gargalladas ao mundo, ou as consabidas, seculares penurias económicas do povo; a referencia á emigración, ao analfabetismo sin paralelo en Europa, ou a persecución do home por causas políticas e ideolóxicas... En fin, a parte negativa, que é o todo, dunha Hespaña retrógada, esterilizada nas súas raíces, dabondo coñecida.

Unha das penosas realidades da vida de Hespaña que nos din a cotío da súa inútil existencia para algo constructivo, son os milleiros de presos políticos, moitos deles detidos dende 1936. Facéndose eco d-anguriosa situación destes homes condenados a morrer na cadea polo sóio delito de pensar ou ter defendido a liberdade, un fato d-escritores argentinos acaba de dirixirse, en carta conmovedora, a Don R. Menéndez Pidal solicitandolle interceda diante quen corresponda a favor da súa liberación carcelaria.

Pro a insensibilidade da crudel reacción hespañola non coñece lindes. Desgraciadamente o pedido de solidariedade human dos intelectuales argentinos cairá no valeiro.

SERVILISMO ECONOMICO

O económico, o social e o político teñen tal interdependencia mútua, que se non poden estudar illadamente ningún destes aspectos da vida dun povo, sin abranguer o conxunto de factores, incidencias e feitos que caña un deles exerce sobre os outros, do cal remanece o cadro económico xeral que lle é propio.

Decimos isto porque si ben nos aleda a recente preocupación que sobre d-algunhas publicacións saídas do prelo derradeiramente na nosa Patria, atopamos nas mesmas unha falta de senso da realidade, de fidel interpretación dos intres vitales da comunidade que Galiza representa.

Galiza é unha unidade xeográfica, étnica, cultural, etc.; e tamén por remanencia lóxica d-estes e doutros factores, unha unidade económica. Galiza é unha Nación, á que sómentes lle falta o complemento político que como a toda comunidade nacional lle corresponde; esta falta dun ente estatal galego é o orixe de todos os nosos problemas: sexan económicos, culturais, sociais, ou de calisquer orde. Se non pode teimar en procura da solución de ningún problema galego sin arrincar da realidade ex-

Carta de criados a señores

O agradecimento pode ser unha virtude do home cando se practica — craro está — nun plano de igualdade humana. Do contrario é simplemente humillación. Vexamos. Agraviamos a cotío tratándonos de xentes inferiores. Un día pedimos — pedimos — que deixen de aplicarnos eses calificativos firintes. Condescenden os agraviadores. Entón, nós xubilosos agradecemoslles o "favor", "coa nosa gratitude máis profunda".

Fronte a este comportamento ¿que poden dicir de nós? Pois, que somos uns probes homes sin dignidade algunha, merecedores de tales calificativos.

E mester por as cousas no seu lugar e salvar así, nesta ocasión, o honor dun povo diño en loita pola súa liberdade. Os mancados por un complexo de inferioridade están inutilizados espiritualmente para detentar a representación dunha entidade que leve nome galego. Daí que, como cidadáns galegos erguemos enérxicamente a nosa voce de protesta pola humillante carta, propia de criados a señores, dos dereiteiros do Centro Galego de Buenos Aires a Academia hespañola.

sencial d-esta premisa. Eis os reparos que lle facemos as publicacións comentadas, que arrincan da falta de realidade de coidar que Galiza é unha "Región de España", o cal é sómentes un aicidente histórico, ou si se quer: unha realidade circunstancial endexamais definitiva.

Dende logo que nos facemos cargo de que o intre político que vive Galiza, mergulla da na degradante escravitude da tiranía franquista, non permite o planteo de ningún dos feitos diferenciaes da Patria Galega, sexan económicos, culturais, políticos, etc. Mais elo non xustifica o servilismo alleiro que amosttran a maioría das devanditas publicacións, que gaban a cotío como a factores de progreso económico a eisportación dos minerais férricos dos montes de Incio e do Caurel, das serras de Lugo e dos cotos Wagner e Vivaldi na Galiza irredenta. Da remesa que da enerxía eléctrica, producida pol-as nosas represas, se fai para fornecer industrias parasitarias nas provincias de Madrid, Valladolid e outras, que dese xeito veñen sendo as únicas que se benefician con esta riqueza. Da saída dos caolins de Burela, orixen outrora de industrias tan prestixiosas como as de Sargadelos, etc.

Nos non podemos compartir a ledicia que amosttran estes galegos servilizados, que non teñen o máis elemental concepto de patria e non consideran que a saída en estado primario das riquezas do noso país, lonxe de o beneficiar, acentúa o seu empobrecemento, como o demostra o feito de que parellamente a devandita eisportación de riquezas o home galego ten que se expatriar tamén, por non achar nos propios lares o traballo e a suficiencia económica que precisa como o proba o feito de que no ano 1956 emigraron de Galiza 25000 galegos. ¿Non sería acaso máis inteligente, máis patriótico e tamén máis humano, trocar estas riquezas en artigos industriais na súa fonte orixinal, contando de tal xeito esta sangría cruel que dende tanto tempo atrás ven Galiza padecendo?

Este BOLETIN remésase a cotío as autoridades e persoas tiradas das guías comerciais en circulación. O destinatario é alleo a este envío, que fai o Movemento Galego de Liberdade Nacional baixo a súa única responsabilidade.